

**A EMERXENCIA DO DISCURSO NARRATIVO:  
DAS COLECCIÓNNS DE NOVELA CURTA AO ROMANCE.**

*Laura Tato Fontaiña (UDC)*

**U**n dos grandes retos na recuperación da conciencia nacional de calquera colectividade é a normalización da súa língua, da súa cultura e, por tanto, da súa literatura. No caso da Galiza, os escritores do Primeiro Renacemento, no século XIX, acharon un idioma que estaba excluído da escrita desde o século XVI e que vivía só no uso oral da vida cotiá, polo que a primeira tarefa que se impuxeron foi crearen o rexistro culto, literario, que demostrasse que o galego era unha lingua de seu, non unha variante dialectal do español. Sen coñeceran a lírica medieval galego-portuguesa, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal e todos os precursores dignificaron a lingua a partir do seu rexistro coloquial e, como todas as literaturas periféricas e marxinais, a galega recomezou a súa andaina coa poesía.

Mais a comezos do século XX, cando nas Irmandades da Fala se artella a ideoloxía nacionalista, resulta evidente que o sistema literario está incompleto e que, mesmo naqueles aspectos ou xéneros que contan con obras e autores de calidad indiscutíbel e universal, cómpre unha renovación en profundidade que modernice e eleve a literatura galega a niveis europeos. Para entendermos o interese e esforzo que puxeron os nacionalistas nesta renovación, non debemos esquecer o papel fundamental que cumpriron (e cumplen) a literatura e os escritores na recuperación das nacionalidades emerxentes; é por isto que non debe estrañar

que a consolidación do sistema literario galego na época das Irmandades tivese moito de “reconstrucción artificiosa” (Villar Ponte 1977: 13), como afirmaba en 1951 un dos seus integrantes. Con esa expresión, Ramón Villar Ponte pretendía explicar con claridad que houbo unha vontade expresa por parte do movemento irmánego de dotar á cultura galega de todas aquelas ponlas da arte que a dignificasen e elevasen ao rango de cultura normalizada.

De feito, xa en 1916, no texto fundacional das Irmandades da Fala – *Nuestra afirmación regional* –, Antón Villar Ponte declaraba que a situación da lingua sería outra “si hubiera un teatro y una novelística gallegos” (Villar Ponte 1916: 13). En consecuencia, dentro do que denominaron “política da lingua” (Villar Ponte 1977: 19), a carón da recuperación oral en todos os rexistros e situacions, as Irmandades procuraron crear os medios e canles de difusión necesarios para desenvolveren aqueles xéneros literarios que o Rexurdimento do século anterior non lograra pór á altura da lírica.

A literatura galega ficara ancorada nos logros de Rosalía, Pondal e Curros, e tanto o público urbano como as elites intelectuais estaban cada vez más afastadas do mundo a que se mantíñan fieis os escritores rexionalistas. Este afastamento producíase tanto a nivel temático como lingüístico e, canto aos xéneros, o cultivo da poesía era infinitamente superior a calquera dos outros. De aí que o interese das Irmandades non se centrase, en principio, na renovación da narrativa, senón no cultivo da prosa, fose cal fose o xénero que a utilizase.

Para analizaren o estado da literatura galega convocaron, en 1918, un certame que, en teoría, estaba destinado a premiar novelas curtas e poemas, mais que na práctica considerou como “novela” todas as obras escritas en prosa, como resulta evidente ao comprobarmos que a peza dramática titulada *Enredos*, de Leandro Carré, recibiu un *accesit* dentro daquela categoría. Outro indicio do interese que tiñan as Irmandades en potenciaren a prosa é a diferenza económica que estableceron no premio ás diferentes categorías ou

xéneros, pois a cantidade destinada aos prosistas duplicaba a que recibirían os poetas (100 pesetas fronte a 50 pesetas), a pesar do papel central da poesía na apreciación xeral do *establishment* cultural galeguista.

As obras presentadas ao certame puxeron de manifesto moitas das eivas que había que corrixir, polo que os convocantes, sen reparo ningún, publicaron, no semanario *A Nosa Terra*, no nº 76, correspondente ao 25 de decembro de 1918, a opinión dos membros do xuri sobre todas as obras presentadas, premiadas ou non, nun artigo titulado “O noso concurso literario. A opinión do xurado”. Na categoría de novela, a obra gañadora foi *O Diputado por Veiramar*, de Gonzalo López Abente, que, ademais de pola fábula e o seu desenvolvemento, mereceu o premio pola “visión moderna do arte de novelare”. Frente a isto, o xuri considerou que a peza dramática *Enredos*, de Leandro Carré, era merecedora de grandes gabanzas pola forma, mais resultaba “anticuada” no asunto, polo que só recibiu unha mención honorífica. A diferenza entre ambas as obras está marcada polo tema tratado e a súa ambientación: a novela de López Abente rompía coa narrativa anterior – limitada á anécdota costumista con ambientación rural –, e denunciaba o corrompido mundo da política caciquil nas vilas galegas; por contra, a comedia de Carré continuaba a liña temática do teatro rexionalista: a emigración e as súas consecuencias no mundo labrego. Con máis dureza comentou o xuri aquéloutras pezas que introducían nas letras galegas elementos do “astracán” español, do madrileñismo, ou que, na súa opinión, delataban abertamente que foran pensadas e escritas en castelán. Tampouco saíu ben parada a poesía, porque o xuri considerou que ningún dos nove traballos presentados en verso merecía o nome de poema.

A segunda parte do artigo que estamos a glosar era unha reflexión dirixida aos galegos “ricos” en que se lles aseguraba que, convocando concursos para novelas, contos, poemas, libros de ciencia, gramática, xeografía, historia... e abrindo con esas obras unha editora galega,

obterían un grande negocio. O suceso económico estaría garantido pola porcentaxe de poboación galego-falante, que por aquelas datas constituía as “cinco sextas partes” do pobo. Era evidente que a cuestión fundamental para renovaren e espallaren a prosa pasaba por dispor de canles de difusión, dunha editora que publicase moito e barato, posto que non había só que animar á creación literaria, mais tamén crear un público lector desas creacións. Demostra esta hipótese o feito de que na reforma dos Estatutos da Irmandade da Coruña, presentada ao Goberno Civil en 1918, se incluíse a creación dunha Editora Nacional como punto oitavo da Sección de Cultura e Idioma.

Cando se publica o artigo que vimos comentando, xa debía estar en marcha o proceso de constitución da Editorial Prensa Gallega S. A., porque, no número seguinte d'*A Nosa Terra*, correspondente ao primeiro de xaneiro de 1919, se anuncia que ese ano serán publicadas, ademais da novela de López Abente e da peza dramática *A man de Santiña*, de Ramón Cabanillas, obras de Taibo, Viqueira, Risco, Quintanilla, Correa-Calderón e outros. Nun principio, a Irmandade debeu confiar en que o seu proxecto se materializase coa antedita empresa, que ese mesmo mes tirou do prelo o número presentación da publicación *;Terra a Nosa! Biblioteca Popular Galega*. Neste curioso número “prospeito” que, en principio, ía estar dedicado aos escritos de Porteiro Garea, aparece unha “Nota dos editores” que semella unha reproducción do artigo en que a redacción d'*A Nosa Terra* intentara convencer “aos ricos” de que sería rendíbel unha editora galega; *;Terra a Nosa!* saía á luz porque tiña unha alta misión que cumplir; publicará contos, novelas, comedias, poemas, un compendio de gramática, outro de xeografía e outro de historia da Galiza; e forneceríase de textos a través da convocatoria de concursos.

A pesar das semellanzas físicas, sinaladas por Cesar Antonio Molina (1989), entre *;Terra a Nosa!* e as coleccións de novela curta que se publicaban en Madrid, a diferenza fundamental entre estas e aquela radica en que a publicación

galega ten unha outra intención: espallar a lingua e cubrir todos os xéneros; nas coleccións españolas só se publicaban narracións, mentres que nos quince números da galega, seis foron de poesía, oito de prosa e un, misceláneo, o dedicado á *Homenaxe a Curros*. Canto ao formato, *;Terra a Nosa!* copiaba do modelo español imperante na altura o tamaño, a fotografía do autor/a na capa sobre o fondo da bandeira galega, o baixo prezo (10 céntimos) e mais a periodicidade; mais distanciábase del na cualidade do papel (moito mellor nas publicacións estatais). Quizais o máis sorprendente, tanto da publicación que tratamos como das que a seguirán, sexa o número de exemplares da tiraxe (5.000), porque ultrapasa as edicións actuais, a pesar de que o índice de analfabetismo era moito más elevado.

Mais no seguinte número, correspondente ao 10 de febreiro, os editores incluíron un editorial, co título de “Dous verbes”, en que reducían o alcance das súas pretensións: comentaban o éxito obtido polo primeiro número – duplicaran a edición –, abrián un concurso exclusivamente literario (sen gramática, historia nin xeografía), anunciaban que o seu fin era “propagar o idioma” e poñíanse á disposición de “todas as boas causas galeguistas”. Con esta expresión de “causas galeguistas” referíanse a todas as asociacións e institucións que, na época, tiñan como bandeira pública a defensa da Galiza e da súa cultura, total ou parcialmente, e que estaban representadas nos integrantes do xuri do certame: a Academia Galega, o semanario *A Nosa Terra* (Boletín das Irmandades da Fala), o Centro Regionalista, o Instituto de Estudios Gallegos, a Irmandade da Fala da Coruña e mais o xornal *El Noroeste*, de tendencia rexionalista e que tiraba a nova publicación como un suplemento de seu.

Porén, as intencións e fins dos movementos rexionalistas non coincidían cos das Irmandades da Fala, que xa se declararan nacionalistas na Asemblea do ano anterior, e ningún deles podía confiar demasiado no denominado Instituto de Estudios Gallegos que nin sequera utilizaba a lingua galega e con frecuencia atacaba o seu uso consci-

ente. Nestas circunstancias, non é de estrañar que xa ese mesmo mes *A Nosa Terra* anunciase a creación dunha *Biblioteca Galeguista*, onde se publicaría, antes de nada, un compendio de *Gramática Galega*.

Para que os escritores cultivasen a prosa e esta alcanzase o carácter culto e moderno que as Irmandades desexaban, tiñan que os fornecer duns instrumentos mínimos de traballo, é dicir, dunha gramática e dun vocabulario que lles permitise superar o nivel “dialectal” que impregnaba a lingua dos escritores rexionalistas do momento. Na terminoloxía do profesor Ricardo Carvalho Calero, os homes das Irmandades tiñan a vontade de superar o estadio do “interdialectalismo” na lingua literaria, iniciado xa por Rosalía de Castro en *Follas Novas*, para alcanzar o nivel do “supradialectalismo” (Carvalho Calero 1981: 37-51). De feito, tanto temática como esteticamente, os *Contos da forxa*, de Carré Aldao, que apareceran como primeiro número de *Terra a Nosa!*, non respondían á modernidade que os nacionalistas pretendían.

Isto foi o que levou a que os irmandiños non considerasen a nova colección como un logro para a cultura galega, e explica e xustifica o silencio d'*A Nosa Terra* sobre ela. Non a podían louvar e celebrar porque non conseguiran controlala e iso significara o mantemento da literatura galega nos estreitos límites do “rexional” e folclórico, mais tampouco resultaría positivo, de cara ao público, que a criticassen, pois era a primeira vez que algúen investía en literatura galega; por tanto, gardaron silencio e mesmo colaboraron no posíbel con ela, de maneira que no séptimo número, correspondente ao 10 de abril, viu a luz, nesa colección, a novela curta *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*, de Vicente Risco.

A ruptura total entre as Irmandades e a editora Prensa Gallega debeu producirse cando, desde as páxinas d'*A Nosa Terra*, os nacionalistas denunciaron os movementos de algúns académicos para que a subvención que a Academia Galega recibía da Deputación Provincial fose desviada ao Instituto de Estudios Gallegos. Por iso, no nº 13 de *Terra*

*a Nosa!*, no texto “Ao lector”, os editores comentan, nun ataque directo ás Irmandades, que seguirán adiante a pesar do silencio das publicacións que estaban obligadas a darlle “calor e espallamento”. A pesar desta afirmación, a publicación entrou en declinio: primeiro deixou de ser quincenal para saír mensualmente, e acabou por desaparecer despois do número quince.

De feito, unha vez que as relacións entre as Irmandades e *Terra a Nosa!* foron de guerra aberta, as acusacións que se lanzaron desde as páxinas do órgano das Irmandades foron durísimas. A primeira foi que nela primaran os intereses económicos sobre os valores culturais, e apareceu na recensión da novela *O Diputado por Veiramar*, de López Abente, onde un anónimo redactor afirmaba:

Inda que no ambiente meigo da nosa terra, desenvrola [sic] unha anédotha de xeito universal, *nazonalizando* o idioma galego que en outros escritores da Terra nosa non sae endexamais d'instrumento d'espeisón dialectal que esprotan algúns editores industrializantes do mais sagro e nobre (Anónimo 1919).

A segunda facía referencia á escasa cualidade dos textos seleccionados, onde predominaron os contos e novelas cheos do que na altura chamaban “plebeísmo” en que imperan as formas dialectais da lingua:

*O Diputado por Veiramar* acabará, endebén, da mesma maneira, con ises contos e con isas novelas cheias de plebeísmo que, millor intenzoadas que gráciles, donábanlle ó galego un senso dialectal aldraxante e tristeiro (Anónimo 1919 b).

Por último, indicaban que tampouco se producira ningún avance a respecto da modernización da temática. A *Biblioteca Galeguista* que anunciou *A Nosa Terra* mentres viviu *Terra a Nosa!*, non se pudo sostener, probablemente por motivos económicos, limitándose a publicar a *Gramática*, de Leandro Carré, e a novela curta *O Diputado por*

*Veiramar*, de Gonzalo López Abente, mais serviu para deixar constancia de que a renovación da prosa pasaba tanto polos aspectos temáticos como polos lingüísticos e formais; e así, rematado de vez o asunto de *¡Terra a Nosa!*, marcaba aos novos narradores os modelos de Vicente Risco e Gonzalo López Abente:

Até agora nengunha mais moderna e axeitada ós gos-  
tos autuaes que o *Diputado por Veiramar*. Soilo outra  
podería pórsele en parella: *O que ll'aconteceu o dou-  
tor Alveiros*, de Vicente Risco. Ambas e duas sinalan  
o camiño a seguir polos literatos enxebres novos  
(Anónimo 1919 c).

Nunca os homes das Irmandades consideraron o proxecto de *¡Terra a Nosa!* como propio, como fica claro no feito de que, en 1951, cando Ramón Vilar Ponte leu o seu discurso de ingreso na Academia, en que realizaba unha revisión de todos os logros conseguidos pola súa xeración, a das Irmandades, non incluise esa colección no relatorio de proxectos editoriais que levaran a cabo.

O seguinte intento de creación dunha editora nacional sería realizado en Ferrol baixo a dirección de Xaime Quintanilla e a xerencia de Ramón Vilar Ponte, con Fiz Álvarez do Castelo como secretario e Manuel Morgado como administrador. A empresa, que a historiografía tradicional considera só como colección de novela curta, para os seus contemporáneos era unha editora, e así falaban sempre dela tanto a revista *Nós* como as publicacións *A Nosa Terra* e *Rexurdimento*<sup>1</sup>; de feito, ademais da colección de novela curta, *Céltiga* publicou tres pezas dramáticas: *Alén*, de Xaime Quintanilla (1921); *Mal de moitos. Trato a cegas*, de Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida (1921); *Trebón*, de Armando Cotarelo Valledor (1923); e un ensaio político, *Doutrina Nazonalista*, de Ramón Vilar Ponte (1921).

O formato da colección de *Céltiga* seguía o modelo de *¡Terra a Nosa!* en tamaño, mais afastábase dela na reproducción na capa do retrato dos autores (que, como

dixemos, era o modelo español) para se abrir á colaboración dos mellores artistas plásticos do momento: D. A. Castelao, C. Díaz Baliño, I. Corral, A. Cebreiro e F. Lamas. Esta combinación de artes plásticas e literatura, propia das publicacións modernistas portuguesas e vanguardistas galegas e españolas, carece, nas coleccións galegas de novela curta, da intención rupturista dos seus modelos, pois non existía unha tradición narrativa consolidada con que romper. As condicións dunha literatura como a galega, periférica e marxinal, requirían máis de espallamento e cultivo que de ataques á tradición.

Tanto os colaboradores plásticos como os literarios foron ampliando o seu número a medida que a publicación se afianzaba. Saíu con carácter mensal, e praticamente debeu manter esta periodicidade durante o primeiro ano de vida, pois, aínda que os exemplares non están datados, Guillermo Llorca dá como data de saída do primeiro número – *Saudade*, de X. Quintanilla – o mes de marzo de 1922; esta cronoloxía pode confirmarse tamén nas páxinas d'*A Nosa Terra*.

Sobre a data e as causas da desaparición de *Céltiga* existen opinións diverxentes. Os historiadores da prensa galega, en xeral, non se manifestan a respecto de ningunha destas cuestións; e os estudiosos da literatura están divididos entre os que atribúen a causas económicas a súa desaparición e a ubican a comezos de 1923, e os que a atribúen á ditadura de Primo de Rivera e a localizan en setembro dese mesmo ano. Coidamos que a cuestión fica esclarecida pola correspondencia entre Quintanilla e Manuel Antonio, pois, con data do 5 de Outubro de 1923, Xaime Quintanilla remitia ao poeta rianxeiro unha carta en que lle comunicaba que se facía cargo da administración de *Céltiga*:

Habéndome eu encargado da Adeministración de “Céltiga”, teño o gusto de acompañarlle un extracto da súa conta hasta o nº 12 de “Céltiga”, incrusive, quedando pendente o nº 13, ou sexa dende Setembre d'iste ano en adiante (Manuel Antonio, 1979: 225).

Nin na carta de Quintanilla, en que, como se pode ler, o número 13 corresponde a Setembro, nin na resposta de Manuel Antonio hai ningunha alusión a que a publicación estivese xa desaparecida. Se temos en conta que nese mesmo mes comeza a ditadura de Primo de Rivera, que a presión militar obriga ao cerramento da Irmandade de Ferrol, e lembramos, ademais, que a revista *Nós* non volverá a publicarse ata 1925, ao tempo que *Rexurdimento* desaparece definitivamente, semella gratuíto afirmar que *Céltiga* cerrou por cuestiós económicas. O que si pode ser discutido é a razón por que a Irmandade Nazonalista Galega ficou disolvida e todas as súas actividades paralizadas, mentres a Irmandade da Fala da Coruña continuou o seu labor, a pesar do risco que corrían pola censura e as multas. Persecución, medo ou estratexia? O feito de que Vicente Risco e outros persoeiros da Irmandade Nazonalista Galega colaborase coa Ditadura nos primeiros tempos podería apoiar a tese de que foi unha decisión propia, mais existen testemuños de que funcionou a represión, pois así o relataba o presidente da Irmandade Nazonalista de Betanzos, responsábel da publicación, unha vez rematada a ditadura:

A toque de corneta vímonos ameazados por un bando que nos incluía en delito na lei de xurisdicíos a todos que fixeramos algúna manifestación de agarimo pol-a nosa terra... non dependía mais que da interpretación que lle quixera dar o gobernador ou seu delegado para nos levar a cadea. Tiñamos por aquela fecha un xornal nazonalista: *Rexurdimento* [...] pero como eso non era todo fón necesario ademais que se nos proibira a publicación d'ese xornal hasta nova orde (Cortiñas 1931).

A tiraxe de *Céltiga* non se coñece con exactitude; mais os editores informaban no terceiro número de que se viran obrigados a dobrar a tiraxe polo elevado número de peticións:

CÉLTIGA está sendo o mais grande éxito literario de Galicia. Abonda con decir que o número primeiro

egotouse compretamentos e que, aínda dupricando a tirada, vai pol-o mesmo camiño o número 2 (Villar Pontes, A 1922).

Desde logo, a editorial de Quintanilla xa probara a facer unha tiraxe de varios milleiros de exemplares cos “parrafeos” de Charlón e Hermida que publicara fóra da “novela mensual”, feito que levara os redactores d’*A Nosa Terra* a realizaren o seguinte comentario:

E tal a seguridade de éxito económico que ten o editor, que non fixo, como alguén podería coidare, unha edición pequena, senón de varios miles d’exemplares, tal como calquer casa de Madrid ou Barcelona (Anónimo 1921).

A respecto da súa distribución, aínda que Cesar Antonio Molina dá como novidade de *Libredón* que se vendese en América (Molina 1989: 210-211), o certo é que os editores de *Céltiga* ofreceron unha listaxe dos seus correspondentes que incluía as grandes cidades do Estado Español, Portugal, Brasil, e outros lugares de América e Europa:

Temos correspondentes en toda Galicia, Madrid, Barcelona, Valladolid, Portugal, Brasil, La Habana, Bós Aires, Nova-York e París e estamos en tratos con moitas gentes para que non haja recuncho do mundo onde non chegue a nosa publicación e os nosos libros (Villar Ponte, A 1922).

O habitual, por parte dos estudiosos é fiarse, como é lóxico, da relación de “Corresponsaes” que figuraba na contracapa da colección, mais a correspondencia entre Quintanilla e Manuel Antonio demostra que o último foi, cando menos durante unha época, correspondente da publicación, a pesar de que nunca figurou nesa lista da contracapa, e se a isto engadimos que os correspondentes habituais na época eran simples particulares e mais que as publicacións galegas tanto se podían pór á venda en librarías como en calquera outro negocio<sup>2</sup>, non temos por que dubidar da palabra dos editores de *Céltiga*.

Aos poucos meses de ver a luz a primeira novela de *Céltiga*, saía en Pontevedra *Alborada. Pubricación literaria*, tamén con carácter mensal. O seu fundador foi Xan Vidal Martínez, a dirección estaba ao cargo de Manuel Bará Álvarez e o seu redactor-xefe era Manoel Cabanillas. Igual que *Céltiga*, contaba con redactores artísticos, Castelao, Cebreiro e Méndez, que deseñaron capas diferentes para cada número. A novedade de *Alborada* está máis no plano plástico que no literario, pois con ela probaron por vez primeira o gravado en linóleo. A diferenza entre a publicación pontevedresa e a ferrolá radica, ademais do número de páxinas (moito menor na do Sur, que non ultrapasaba as dezaseis páxinas), en que a primeira foi unha iniciativa individual, fronte á segunda, que era unha obra colectiva, pois contaba co apoio da Irmandade Nazonalista Galega.

*Alborada* non se presentaba como colección de novela, e o primeiro número contiña o poema *O Cabaleiro do Santo Graal*, de Ramón Cabanillas, que está datado en maio de 1922; mais os outros tres números que chegou a publicar son todos de prosa: *Camiñantes*, de Antón Lousada Diéguez; *Maliaxe*, de Amado Carballo; e un número extraordinario dedicado ao día da Patria, o 25 de xullo. Neste derradeiro volume colaboran Antón Vilar Ponte, Vicente Risco, Manuel Antonio, Amado Carballo, Paz Andrade, Euxenio Montes, Cabanillas, Castelao e Vidal Martínez, e, curiosamente, todas as colaboracións son pequenas pezas en prosa. De feito, na carta en que Manuel Méndez solicita a colaboración de Manuel Antonio, especifica “a ser posible, gustaríamos fosen en prosa” (Manuel Antonio 1979: 180).

Filgueira Valverde afirma que o número aproximado da tiraxe sería de trescentos exemplares e que se vendían a 20 céntimos o número normal e a 50 o extraordinario. Anos máis tarde, en 1927, recuperouse o selo editorial para dar á luz os poemarios *Proel*, de L. Amado Carballo, e *Alcor*, de J. Vidal Martínez, mais *Alborada* non funcionou como editora.

A ditadura de Primo de Rivera, ademais de acabar con *Céltiga*, paralizou as publicacións galegas durante un

ano. Volverán a se reanudar en Santiago, con *Libredón*, en 1924. Os volumes de *Libredón* indican só o ano, mais podemos calcular que debeu ver a luz no outono de 1924, porque a primeira noticia de que está xa á venda apareceu n'A *Nosa Terra*, no número 206, correspondente ao primeiro de decembro de 1924. Tanto polo formato como pola declaración de principios recollidos no primeiro número, semella que *Libredón* tenta tomar o relevo de *Céltiga*: colaboración de artistas plásticos, distribución en América e grande ambición a respecto da tiraxe, que anuncian de 3.000 exemplares. As diferenzas coa publicación de Quintanilla non son profundas: substitución dos deseños das capas por caricaturas dos autores, e propósito de abriren a publicación a colaboradores portugueses.

De todos os xeitos, só chegou a publicar dous números: *Mariña Andrade*, da autoría do seu promotor, Xavier Pardo; e *Concepción singela do ceo*, de Evaristo Correa Calderón. Para o terceiro volume estaba anunciado o “conto escénico granguïñolesco” *Segredo d'amore*, de Antón Vilar Ponte, e aínda que algúns críticos acreditan en que a peza foi publicada, coidamos que Emilio Ínsua ten demostrado solidamente que a obra anunciada, e nunca publicada por *Libredón*, é a que anos máis tarde aparecería co título de *Entre dous abismos*. Tamén estaba anunciada a publicación d'*O romance de Don Galaor*, de Fermín Bouza Brey, e mais “unha fermosa obra” de Armando Cotarelo. Ignoramos as causas da desaparición desta colección santiaguesa, aínda que facilitaría o seu cerramento o feito de que na Coruña, e baixo a protección da Irmandade da Fala, iniciase a súa andaina unha nova colección, *Lar*.

Con *Lar. Revista quincenal*, Leandro Carré e Ánxel Casal consolidarían o xénero narrativo ao tempo que puñan os alicerces da tan arelada editora galega. As características físicas da publicación eran semellantes ás de *Céltiga*, mais abarataban os custos cunha mesma capa, realizada por Camilo Díaz Baliño, para todos os números. A saída de *Lar* dábase por inmediata n'A *Nosa Terra* en xullo de 1924,

mais demorouse até novembro por mor do interese dos editores en iniciaren a publicación cunha obra, *A miña muller*, dun escritor tan coñecido no momento como W. Fernández Florez. Nas “Duas verbas” con que os editores abren ese primeiro número, agradecen a colaboración do autor e saúdan á prensa, aos colaboradores e aos lectores. O éxito da empresa debeu ser grande, xa que o nº 6, *Martes d'androido*, de Francisca Herrera, correspondente ao 9 de Maio de 1925, foi tirado xa en imprenta propia.

En setembro de 1925 os editores de *Lar* expresan explicitamente as súas intencións de “afincar definitivamente a novela galega”, e comunican que a publicación pasará de quincenal a mensal:

A prosa galega está nos comezos, e os nosos escritores, por outra parte, coidando sen dúvida, que estamos ‘fartándonos de gañar diñeiro á costa das obras alleas’, salvo honrosísimas excepcións, non se interesan en nos axudar cos seus traballo, o que nos impide cumplir como quixéramos, e obríganos á reducir a un número mensual a publicación que viñamos facendo quincenalmente (*Lar* 1925).

Este cambio na periodicidade non significa unha paralización no desenvolvemento da narrativa, senón todo o contrario, é dicir, que existen xa obras que non teñen cabida nunha colección das características; contan con romances, e a Editorial Lar anuncia a publicación dunha colección de novela longa.

A finais de 1925 aumenta o traballo da editorial pois, ademais da colección de novela curta, faise cargo de *Nós*, *A Nosa Terra*, e comeza a colaborar co Seminario de Estudos Galegos, preparando os seus Cadernos. Este aumento do traballo será o que facilite que, en 1926, a Editorial Lar afronte a publicación de volumes de moito más custo que a colección de novela curta, e tire do prelo as obras de Cabanillas e as *Cousas* de Castelao. O libro galego parece que vai consolidando un público e, ese mesmo ano, sae en

Vigo a peza dramática *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste, ao tempo que en Ourense aparece outra colección de novela curta, *Galaxia*, baixo a responsabilidade de Augusto Casas. Esta última só tira dous números, mais contribúe a aumentar a nómina de novelas galegas.

Vicente Risco (1926) aproveita ese pulo das publicacións para sinalar que o mundo editorial galego acaba de superar a fase dos folletos e xa se pode contar cun número importante de libros; de feito, cando a mediados de 1927 Leandro Carré e Ánxel Casal se separan para seguiren camiños independentes, a colección de novela curta *Lar* leva publicados 35 números. Carré continuaría con ela até chegar aos 40, mais a Editorial Nós que funda Casal xa non considera necesario este tipo de publicación.

Os alicerces do romance estaban preparados: as máis de setenta novelas que viran a luz entre 1919 e 1927 foran o campo de probas necesario para que florecese unha narrativa moderna e de calidade. *Terra a Nosa!*, *Céltiga*, *Alborada*, *Lar*, *Libredón* e *Galaxia* crearan un *continuum* que preparou os prosistas galegos para ofreceren obras de maior empeño. Conformaron, en xeral, ese amplio abano de textos de segunda ou terceira liña necesarios para que xurdan as grandes obras, ademais de seren a canle onde se iniciaron os mellores narradores. Unicamente alcanzaron a publicar un número importante de obras aquelas coleccións que contaron co apoio colectivo, ben da Irmandade Nazonalista Galega, no caso de *Céltiga*, ben das Irmandades da Fala en conxunto, no caso de *Lar*.

Todas as coleccións tiveron en común os obxectivos de crearen un público lector e de difundiren a narrativa, mais distanciábanse a respecto do que entendían por “renovación”. Para *Céltiga*, isto é, para Quintanilla, Vilar Ponte, Risco e os dirixentes da Irmandade Nazonalista Galega, a renovación incluía tanto a temática e a lingua como o discurso narrativo, a forma de narrar; mentres que para os promotores de *Lar* foi suficiente coa renovación temática, e case abondaba con que entrasen na novela os

ambientes urbanos. De aí que tanto en *Céltiga* como nas publicacións de iniciativa individual (*Alborada*, *Libredón* e *Galaxia*) haxa máis colaboradores das últimas xeracións (Vanguardistas, Irmandades e Grupo Nós) do que representantes da literatura anterior, mentres que en *Lar* foi maior a presenza de colaboradores de xeracións anteriores a estes grupos (Aurelio Ribalta, Francisca Herrero, Florencio Vaamonde); de feito, en *Lar* abundaron as novelas sentimentais de corte romántico. De todos os xeitos, para entendermos a postura dos editores de *Lar*, e non sermos inxustos con eles, debemos lembrar que a colección *Lar* saíu durante a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), cando estaban prohibidas todas as manifestacións públicas a favor do galego, e non era momento para discusións; o importante e urxente era manter o cultivo da lingua sen entrar en polémicas estéticas que puidesen levar a unha ruptura dos defensores da Galiza e, de feito, as Irmandades esqueceron a escisión e volveron traballar unidas no proxecto común.

A primeira grande aportación destas coleccións foi que serviron para que a través dos modelos que propuñan e das recensións que se realizaban de todos os números – n° *A Nosa Terra* e, principalmente, en *Nós* – se fose aconsellando, orientando e mesmo dirixindo aos escritores; tanto a respecto dos aspectos temático e lingüístico como ortográfico.

Canto á temática incorporada, moitas destas novelas curtas van encadrarse no denominado “neoceltismo”, predicado por Vicente Risco e sublimado por Ramón Cabanillas nas sagas artúricas que conforman *Na noite estrelecida*. Para potencialo, no segundo volume de *Céltiga*, publicaran unha tradución da lenda irlandesa *Os catro císnnes brancos*, cunha “Nota dos editores” que clamaba pola recuperación das raíces celtas. Insistindo na proposta, na recensión que dela realizou a revista *Nós*, felicitábanse polo novo sentido que traería esa tradición perdida á narrativa galega moderna. Esta liña será continuada, por citar só tres exemplos, en *Camiñantes*, de Antón Losada Diéguez, publicado como segundo volume de *Alborada*; en *Concepción*

*singela do ceo*, de Evaristo Correa Calderón, nº 2 de *Libredón*; e en *Fuxidos*, de López Abente, publicada por *Lar*, no seu número 26.

Cando saíu do prelo *Un ollo de vidro*, de Castelao, no nº 7 de *Céltiga*, o humor e o “macabrismo” foron presentados como elementos propios dos primitivos flamengos e, por tanto, como características de seu do Norte atlántico, da Idade Media e dos galegos, fronte ao mundo clásico mediterráneo, característico de Castela. No ronsel dos primitivos flamengos estaría tamén o mellor conto de Euxenio Montes, *Como na parábola de Peter Breughel*, incluído no nº 10 de *Céltiga*. A liña humorística impúxose nas contribucións de Xulián Magariños, *O Kalivera 30 H. P.*, e mais *O filósofo de Tamarica*, ambas publicadas en *Lar*, e todas elas mantiveron a tendencia cara ao humor negro, coa ambientación de ultratumba que iniciara Vicente Risco na súa novela *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, en *Terra a Nosa!*, e que seguirían tamén *O purgatorio de Don Ramiro*, de Otero Pedrayo, no primeiro número de *Galaxia*, ou *O home que resucitou a un morto*, de Leandro Carré, en *Lar*.

Ao tempo que se anima a seguir esas liñas temáticas, desde as páxinas de *Nós* vanse censurando aqueles elementos que deben ser superados, e, así, comentan que *O novo xuez*, de López Abente, é de “gusto un pouco pasado” (Anónimo 1922), xa que retoma un dos temas más gastados da literatura rexionalista: o acoso a que eran sometidas as mulleres das clases populares polos poderosos; ou clasifican *Raza e Terra*, de Eladio Rodríguez, “dentro da tradición dos Precursores” (Risco 1923). Que os consellos e as orientacións da revista *Nós*, é dicir, de Risco, eran aceptados e seguidos pola maioría dos escritores, sobre todo polos menos vellos, pode apreciarse na reacción de López Abente que, despois da crítica a *O novo xuez*, abandonou a temática vilega para se incorporar, como vimos, ao neoceltismo.

No primeiro número de *Libredón*, con *Mariña Andrade*, Xavier Pardo seguía outra das liñas temáticas que se propuxeran en *Céltiga* coa publicación no nº 11 d'*A Santa*

*Compañía*, de Roberto Novoa Santos: a utilización das lendas, mitos e tradicións galegas; así, seguindo isto, Xavier Pardo recrea a tradición da romaría do Corpiño, mais, para fuxir do ambiente labrego e rural, utiliza como protagonista a unha fidalga viaxada e que chega á romaría en automóbil.

Cando se retoma a publicación da revista *Nós*, a mediados de 1925, despois de case dous anos de silencio, Vicente Risco (1925) facía balanzo dos logros alcanzados pola literatura desde a fundación das Irmandades da Fala. A respecto da novela considera que ainda falta a temática de evocación histórica e que non está suficientemente aproveitado o elemento “preternatural” que se pode achar na mitoloxía galega. Afirma que ainda predomina na novela a “época actual” e o “ambiente labrego”; por iso felicita ao autor da publicada no nº 4 de *Lar, Naiciña*, de Leandro Carré, por ser a primeira novela galega que se desenvolve no mundo comercial vilego, ao tempo que lamenta que Leandro Pita, na súa noveliña *O anarquista*, non aproveitase o argumento para profundizar noutro tema novedoso, a introdución do comercio, a través das tendas mixtas no medio rural galego e as transformacións sociais que iso provocou.

Para dar exemplo a respecto da utilización da tradición e o verdadeiro folclore como materia literaria, Risco publicará no nº 10 de *Lar*, dous contos longos, *O lobo da xente* e mais *A trabe d'ouro e a trabe d'alquitrán*, onde recrea literariamente os mitos do lobishome, e o dos “mouros gardadores de tesouros”, dándolles unha raíz celta. O exemplo dará froito en *A dona das Torres (Lenda galega relatada)*, de Ánxel del Castillo; e na mesma liña de idealización romántica das crenzas e os mitos populares – mais esta vez non só contemporáneos senón tamén medievais e, por tanto, tamén na liña da “recreación histórica” – Fermín Bouza Brei publicou, no nº 15 de *Lar*, a encantadora *Cabalgadas en Salnés*, onde a lendaria figura do bandoleiro Xan Quinto vence á reencarnación do temido aristocrata feudal Fernando o Mao, Señor de Andrade. Será na recensión desta obra, onde, por vez primeira, se faga notar que a materia narrada

daría para unha novela longa, isto é, que a limitación do formato está comezando a coutar a capacidade creativa dos novos narradores galegos.

Debemos lembrar máis outra vez que a literatura galega carecía, nesta altura, dunha tradición novelística e que, por tanto, era máis urxente creala do que modernizala; de aí que se celebre, por exemplo, a aparición da novela de aventuras coa citada *Cabalgadas en Salnés*, a pesar de que estea na liña narrativa de Walter Scott, no romanticismo; ou que se felicite ao autor da novela naturalista *Maneche o da Rúa*, de Lesta Meis, cando tanto Risco como todos os integrantes do Grupo *Nós* rexitaban a estética naturalista como algo ultrapasado nas literaturas normalizadas. As dúas eran aportacións novas na literatura galega, tanto a respecto da temática como da técnica, sendo, por tanto, ben recibidas.

A modernización das técnicas narrativas, nesta primeira fase da construcción da novela, foi realizada a través das aportacións dos homes do Grupo *Nós* e dalgúns integrantes da denominada xeración dos Vangardistas, e os logros resultaron menos vistosos do que o foron a respecto da renovación temática, porque o experimentalismo que se podían permitir estaba limitado polo segundo obxectivo das coleccións: o de crear un público lector. Eles eran conscientes de que o seu público estaba alfabetizado en español e que tiña que se esforzar para ler en galego; por tanto, sería contraproducente que un experimentalismo demasiado atrevido dificultase máis a comprensión do texto. Por este motivo, en moitas ocasións, as novidades neste campo aparecerán en novelas cunha temática totalmente tradicional. Este é o caso dos tres contos de Evaristo Correa Calderón recollidos en *Luar (Contos galaicos)*, en que presenta tres temas da vida rural galega, tres historias tratadas até a saciedade na narrativa e na lírica decimonónica (os liortas dos mozos de parroquias veciñas despois dunha noite de ruada, a muller “perdida” que trae a ruína e a vergoña á súa familia, e as moreas de mendiños, eivados e larcháns que pairaban polas romarías), mais cun tratamen-

to novo, pois o narrador heterodiexético tradicional utiliza a focalización externa e neutral, chegando case ao obxectivismo, ao focamento de cámara fotográfica.

O mesmo acontece coa narrativa de Otero Pedrayo, que se mantivo na liña do realismo, mais substituíndo o realismo xenético (propio da narrativa naturalista que dá testemuño do que ve) polo realismo formal, creando un mundo propio (a Galiza do século XIX) que comezou a súa andaina en *Pantelas, home libre*, no nº 7 de *Lar*; tamén Otero introduciu nas nosas letras a novela de iniciación, a novela de formación, que ten a súa primeira redacción en *Escrito na néboa*, como análise da evolución ideolóxica do seu protagonista, onde tamén aparece, por vez primeira na narrativa galega, o fluír de conciencia.

A novela impresionista, coa disolución da intriga que conleva e a súa aproximación ao campo da poesía, tivo o primeiro modelo en *Saudade*, de Xaime Quintanilla, con que abriron *Céltiga*, á que seguiría a lírica *O xardín do Castelo de Vidre*, de Alvaro das Casas, que dilúe tamén as fronteiras do xénero coa introdución de escenas teatrais. Os límites da novela tamén foran cuestinonados en *Almas Mortas*, de Antón Vilar Ponte, e mais n'*A coutada*, de Risco.

O final aberto, propio da narrativa contemporánea, foi a proposta de Euxenio Montes, que o utiliza nos tres contos incluídos n'*O vello mariñeiro toma o sol*, aínda que noutras aspectos como, por exemplo, na utilización da analepsis non é quien de superar o modelo tradicional. Tamén a anulación dos límites entre realidade e fantasía, entre o vivido e o soñado, chegaron á narrativa galega a través destas coleccións de novela curta, nesta ocasión da man de Augusto Casas en *Muiñeiro de estrelas*. Por outra banda, a utilización da técnica epistolar e as notas falsamente eruditias dos cronistas foron a primeira proposta de Risco en *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*. Non podemos deixar de sinalar que, curiosamente, será Risco o único narrador dos que se inician nas coleccións de novela curta que despois, nos seus romances, non utilice as técnicas en-

saiadas nelas, pois a súa novela longa, *O porco de pé*, estará na liña do expresionismo.

Por todo isto, en 1927, cando se fundou a editorial Nós, consideraron que non era necesario continuar coa colección de novela curta; de feito, ese ano, Risco comezaba en Nós a publicación da novela inacabada *Os europeos de Abrentes*; e Eduardo Blanco Amor, a titulada *A escadeira de Xacob*. Tamén vía a luz a primeira novela longa publicada pola editora Lar, *Estebo*, de Lesta Meis, e ao ano seguinte, 1928, a editora dirixida por Ánxel Casal, a Editorial Nós, daba ao prelo dous dos grandes romances da literatura galega: *Os camiños da vida*, de Otero Pedrayo, e mais *O porco de pé*, de Vicente Risco.

E así, cando en 1929 Vicente Risco publica n'A Nosa Terra o ensaio "Da Galiza Renascente", redixido para a revista portuguesa *Águia*, afirma categoricamente "Hoxe hai ja novela galega e todolos géneros en prosa teñen cultivo" (Risco 1928), e cita como mellores novelistas a D. Alfonso Castelao e Ramón Otero Pedrayo, seguidos por Rafael Dieste, Francisca Herrera, Xosé Lesta Meis, Euxenio Montes, Evaristo Correa Calderón e Xulián Magariños Negreira. A estes, e en primeira liña, debemos engadir o nome do propio Vicente Risco que, por modestia, prencindiu da súa propia obra. Todos eles, agás Dieste, colaboraran nas coleccións de novela curta e, excepto Francisca Herrera, deran nelas os seus primeiros pasos como narradores.

Vicente Risco estreárase como narrador na colección *¡Terra a Nosa!*, con *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*, a que seguirían *O lobo da xente* e mais *A coutada*, na colección Lar. Castelao, na ferrolá *Céltiga*, con *Un ollo de vidro*. Otero Pedrayo iniciara a súa andaina de novelista en Lar, con *Pantelas, home libre*, a que seguirían *Escrito na néboa* e *O purgatorio de Don Ramiro*, en Galaxia. Lesta Meis, con *Manecho o da Rúa*, en Lar. Magariños Negreira en Lar, con *O Kalivera 30 H. P.* e *O filósofo de Tamarica*. Euxenio Montes en *Céltiga*, con *O vello mariñeiro toma o sol*. E Correa Calderón en *Céltiga* con *Luar*, a que seguiría

*Concepción singela do ceo*, en *Libredón*.

Por último, debemos fíncapé no outro grande logro das coleccións de novela curta, a creación dun público lector que non existía con anterioridade a elles, como demostra o número das súas tiraxes e a súa repercusión na recepción crítica. Mercé ás coleccións de novela curta, as Irmandades alcanzaron parte do obxectivo inicial – a consolidación do sistema literario galego –, porque lograron crear a novela a partir dos instrumentos editoriais e críticos concibidos e orientados para ese fin.

Relación de obras publicadas polas coleccións de novela curta:

*¡Terra a Nosa!* (1919)

0. *Un mensaxe a García*, de Elbert Hubbard.
1. *Contos da forxa*, de Euxenio Carré Aldao.
2. *O castro de Cañás*, de F. Tettamancy.
3. *Homenaxe a Manuel Curros Henriquez*.
4. *O tesouro acobillado*, de Ricardo Carballal.
5. *Follas no vento (poesía)*, de Florencio Vaamonde.
6. *Enredos*, de Leandro Carré.
7. *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*, de Vicente Risco.
8. *Da raza (versos)*, de Euxenio Carré.
9. *Esceas da terra (conto)*, Manuel Barros Arbones.
10. *Amor sinxelo*, Luis Fernández Gómez.
11. *Flores do noso paxareco (poesía)*, Francisca Herrera.
12. *Porta de sol*, José Alcrudo Gorchs.
13. *Versos de loita*, Manuel Lugrís Freire.
14. *Na casa d'o Ceruxano*, Roxelio Rivero e Telesforo Sestelo.
15. *Landras e bayas, versos*, Evaristo Paumán del Nero.

*Biblioteca Galeguista* (1919)

1. *Gramática galega*, de Leandro Carré.
2. *O Diputado por Veiramar*, de Gonzalo López Abente.

*Céltiga* (1922-1923)

1. *Saudade*, de Xaime Quintanilla.
2. *Os catro cisnes brancos*, de Louey Chisholm.
3. *Almas mortas*, de Antón Vilar Ponte.
4. *O novo xuez*, de Gonzalo López Abente.
5. *Axúdate. O menciñeiro*, de Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida.
6. *A costureira*, de Nicolás García Pereira.
7. *Un olló de vidro*, de Castelao.
8. *A y-alma de Mungos*, de Francisca Herrera.
9. *Raza e Terra*, Eladio Rodríguez González.
10. *O vello mariñeiro toma o sol*, de Euxenio Montes.
11. *A Santa Compañía*, de Roberto Novoa Santos.
12. *Luar (Contos galaicos)*, de Evaristo Correa Calderón.
13. *Semprenoiva*, de F. Cabo Pastor.

*Alborada* (1922)

1. *O cabaleiro do Santo Graal*, R. Cabanillas.
2. *Camiñantes*, de Antón Losada Diéguez.
3. *Maliaxe*, de Lois Amado Carballo.
4. *Extra do 25 de Xullo*.

*Libredón* (1924)

1. *Mariña Andrade*, de Xavier Pardo.
2. *Concepción singela d'o ceo*, de Evaristo Correa Calderón.

*Galaxia* (1926)

1. *O Purgatorio de Don Ramiro*, de Ramón Otero Pedrayo.
2. *Muiñeiro de estrelas*, de Augusto M<sup>a</sup> Casas.

*Lar* (1924-1928)

1. *A miña muller*, de W. Fernández Flórez.
2. *O anarquista*, de Leandro Pita.
3. *O pastor de doña Silvia*, de Aurelio Ribalta.
4. *Naiciña*, de Leandro Carré.
5. *Os probes de Deus*, de Lois Amado Carballo.
6. *Martes d'Antroido*, de Francisca Herrera.

7. *Como son os do Grorioso* (Antón Piruleiro), de Xesús Fernández González.
8. *Pantelas, home libre*, de Ramón Otero Pedrayo.
9. *A terra chama*, de Uxío Carré.
10. *O lobo da xente*, de Vicente Risco.
11. *Buserana*, de Gonzalo López Abente.
12. *A dona das torres*, Ánxel Castillo López.
13. *Ana María*, de Xoán Xesús González.
14. *A propia vida*, de Leandro Carré.
15. *Cabalgadas en Salnés*, de Fermín Bouza Brey.
16. *Anxélica*, de Florencio Baamonde.
17. *Manecho o da rua*, de Lesta Meis.
18. *O Kalivera 30 H.P.*, de Xulián Magariños.
19. *O consentimento*, de Luis G. Vicencio.
20. *Desengano*, de Xan Pla Zubirí.
21. *O home que deu vida a un morto*, de Leandro Carré.
22. *A coutada*, de Vicente Risco.
23. *Xelo, o salvaxe*, de Felipe Fernández Armesto.
24. *O karma de Farruco Filgueira*, de Ánxel Romero Cerdeiriña.
25. *A filla da patrona*, de Xesús González López.
26. *Fuxidos*, de G. López Abente.
27. *O filósofo de Tamarica*, de Xulián Magariños.
28. *O xardín do Castelo de Vidre*, de Álvaro das Casas.
29. *A pecadenta silenziosa*, de Bergueiro López.
30. *O vigairo*, de Xosé Filgueira Valverde.
31. *Morta!*, de Celestino Noya.
32. *Escrito na néboa*, de Ramón Otero Pedrayo.
33. *Loita*, de Rafael Fernández Casas.
34. *Ladaíña*, de Álvaro das Casas.
35. *De como claudicou Xaquín Quiroga*, de Xacobe Casal.
36. *O xornal de Maví*, de Leandro Carré.
37. *O ilustre Cardona*, de W. Fernández Flórez.
38. *Contos*, de Alfredo Canalejo.
39. *Contos de Nadal (Colleitos do pobo)*, de Armando Cotarelo Valledor.
40. *O alevamento*, de Luis G. Vicencio.

*Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos (1925-1926)*

1. *Os Nenos*, de Filgueira Valverde .
2. *Cousas*, de A. R. Castelao.
3. *Síntese xeográfica de Galicia*, de Ramón Otero Pedrayo
4. *Hostia*, de Armando Cotarelo Valledor.

## Notas

<sup>1</sup> A revista *Rexurdimento* era o órgano de expresión da Irmandade Nazonalista Galega. Esta entidade apareceu en 1922 como resultado da escisión das Irmandades da Fala. A causa desta escisión radica, basicamente, na diferenza de opinións sobre a estratexia que se debía seguir para espertar a conciencia nacional: para as Irmandades da Fala era necesario intervir directamente na vida política, presentando candidatos ás eleccións; por contra, a Irmandade Nazonalista Galega, chefiada por Vicente Risco, optaba exclusivamente pola actividade cultural.

<sup>2</sup> Como exemplo disto podemos citar o caso do libro *Versos gallegos*, de F. Cabo Pastor, que estaba á venda na farmacia de Pascual Torres Crego, en Ortigueira.

## Referencias bibliográficas

- Anónimo (1919): “A novela galega en galego mais moderna”, *A Nosa Terra*, 94 (15-5-1919).
- \_\_\_\_\_ (1919 b): “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, 88 (15-2-1919).
- \_\_\_\_\_ (1919 c): “Pol-a Biblioteca Galeguista”, *A Nosa Terra*, 103 (25-9-1919).
- \_\_\_\_\_ (1921): “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, 154 (31-12-1921).
- \_\_\_\_\_ (1922): “Libros”, *Nós*, 12 (29-8-1922).
- Carré, L. (1926): “Encol da novela galega”, *Nós*, 27 (15-3-1926).
- Carvalho Calero, R. (1981): “A constituiçom do galego como língua escrita”, *Problemas de Língua Galega*, 37-51 (Lisboa, Sá da Costa Editora).
- Correa Calderón, E. (1982): “Cincuenta años despues, pequena historia de una revista”, *Ronsel. Revista de Arte XV-XXVI* [ed. facsimilar] (Barcelona: Sotelo Blanco).
- Cortiñas, L. (1931): “O ano derradeiro en Betanzos”, *A Nosa Terra*, 279 (1-1-1931).

- Bouzas Millán, X.L. (1996): “A popularización da novela curta: as coleccións *Céltiga e Lar*”, en *Historia da literatura galega*: 644-672 (Vigo: AS-PG/A Nosa Terra).
- Filgueira Valverde, X. (1990): “Presentación”, en *Alborada. Publicación Literaria* [ed. facsimilar]: IX-XVI (Santiago: Sotelo Blanco).
- \_\_\_\_\_. (1991): “Presentación”, en *Nós. Suplementos*: 15-20 (A Coruña: Xuntanza Editorial).
- Liñares Giraut, X. / Roig Rechou, B. A. (1988): “Os primeiros pasos cara a unha prosa narrativa moderna”, en *Xulián Magariños Negreira. Un home da ‘Época Nós’ (1904-1934)*: 7-22 (Sada-A Coruña: Ed. do Castro).
- Llorca Freire, G. (1993): *Historia da prensa ferrolá (1845-1992)* (Sada-A Coruña: Ed. do Castro).
- Losada Diéguez, A. (1930): “Encol da prosa galega”, *Nós*, 73 (15-1-1930).
- Manuel Antonio (1979): *Correspondencia*. Ed., limiar e notas de D. García Sabell (Vigo: Galaxia).
- Molina, C. A. (1989): *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)* (Vigo: Xerais).
- \_\_\_\_\_. (1923): “Os homes, os feitos, as verbas”, *Nós*, 16 (1-1-1923).
- \_\_\_\_\_. (1925): “As novelas de *Lar*”, *Nós*, 19 (25-7-1925).
- \_\_\_\_\_. (1926): “Libros”, *Nós*, 29 (15-5-1926).
- \_\_\_\_\_. (1929): “Da Galiza Renascente”, *A Nosa Terra*, 252/256 (1-9/1-1-1929).
- Roig, B. A. (1984): “As noveliñas *Lar*, unha lección para o quiosko galego”, *Dorna*, 7, 17-23.
- Villar Ponte, A. (1971): *Pensamento e semienteira* (Buenos Aires: Galicia).
- \_\_\_\_\_. (1916): *Nuestra afirmación regional* (A Coruña: Tipografía Obrera).
- \_\_\_\_\_. (1922): “Nota dos Editores”, *Almas mortas* (Ferrol: Céltiga).
- Villar Ponte, R. (1977): *A xeración do 16. Discurso de recepción na Real Academia Galega* (A Coruña: Publicacións da RAG).